



Tel.: 981 40 40 06
Fax: 981 40 42 00

C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MOECHE O DIA 1 DE OUTUBRO DE 2015**

No Salón de Sesions da Casa do Concello de Moeche, sendo as 20 horas do día 1 de outubro de 2015, baixo a presidencia Sra. Alcadesa D^a. Beatriz Bascos Maceiras, reunense os Srs./as Concelleiros/as que se citan:

- D. Magín Fernando Lago Tuimil
- D^a Iria Couce Rego
- D. Jose Manuel Soto Sanchez
- D. Juan Carlos Rodriguez Lago
- D. Xulio Cribreiro Garcia
- D. Rocio Luaces Antón.

Non asisten sen presentar escusa:

- D. Jorge Gonzalez Aneiros
- D. Aquilino Sueiras Dopico

Asistidos da Secretaria da Corporación D. Consolación Couce Calvo, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria para a que foron previamente citados, constando en Secretaría o recibí de citación á sesión por parte de todos los membros que o compoñen.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do pleno, pola Sra. Alcaldesa declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos, conforme á orde do día que figura na convocatoria de citación á sesión

**1.- APROBACION SE PROCEDE DA MODIFICACION DO PROXECTO DE OBRAS
DE MILLORA CAPA DE RODAXE DE MERCADO MOECHE E OUTRAS**

Sometese a Corporación a proposta da Alcaldía que se transcribe:

Detectados errores no proxecto redactado polo enxeñeiro D. Julio C. Rojo Martínez para a execución da obra denominada "Mellora capa de rodaxe mercado de Moeche e outros" aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 10 de novembro de 2014 incluído nun convenio nominativo subscrito coa Deputación Provincial para a sua execución e adjudicada a empresa **Construcciones Francisco Gómez y Cia. S.L.** polo prezo de 178.000,00 euros, mais o 21 % de IVA, (37.380,00 €), facendo un total 215.380,00 euros.



Visto o "Proxecto reformado da obra de Mellora capa de rodaxe mercado de Moeche e outros" redactado polo enxeñeiro D. Julio C. Rojo Martinez, que non implica alteración algunha do orzamento previsto inicialmente, proponse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o Proxecto reformado da obra de Mellora capa de rodaxe mercado de Moeche e otros" redactado polo enxeñeiro D. Julio C. Rojo Martinez, que non implica alteración algunha do orzamento previsto inicialmente

Segundo.- Comunicar o presente acordo a empresa adxudicataria para que manifeste a sua conformidade o desconformidade coa modificación proposta

TERCEIRO, Solicitar da Deputación Provincial a autorización do cambio do proxecto de "Mellora capa de rodaxe mercado de Moeche e outros" polo denominado "Proxecto reformado da obra de Mellora capa de rodaxe mercado de Moeche e outros"

Intreven en primeiro lugar a **Sra. Bascos Maceiras** para explicar a proposta presentada, indicando que cando o novo equipo de goberno tomou posesión do seu cargo había dúas obras contratadas e pendentes de execución as denominada "Mellora capa de rodaxe do mercado de Moeche e outras" e "Acondicionamento entorno das naves en campo da feira de San Ramón e outro" o ir a visitar co director de obra as obras pendentes de executar atopáronse co seguinte

- O proxecto prevé a pavimentación da nave da feira cunha capa de formigón de 10 cm. o cal, e tendo en conta os importantes desniveis existentes na mesma fan imposible que quede unha superficie uniforme, polo que se fai preciso incrementar a partida de formigón de modo que e podan encher os ocos que presenta no seu estado actual.
- Na parte de enriba do recinto feiral estaba previsto no proxecto tres partidas, que suman en total 14.185,80 euros para facer unha demolición de pavimento e unha escavación de 80 cm. sobre a que se votaría o aglomerado en quente, o aglomerado xa estaba votado cando se fixo a revisión pero non se había feito nin a demolición nin a escavación prevista
- Por outra parte no proxecto de acondicionamento entorno zona de naves en campo da feira estaba previsto un gasto de 3.000 € para facer un desmonte cando non hai nada que desmontar

Ante esta situación celebrase diversas reunións tanto co técnico redactor do proxecto como cos representantes da empresa adxudicataria para por unha parte solucionar o tema da nave e que quede unha superficie homoxénea sin que implique costo algúin para as arcas municipais, sobre todo tendo en conta que nos proxectos iniciais ian previstos gastos por importe de 17.185,80 euros que non estaba previsto executar





Tel.: 981 40 40 06
Fax: 981 40 42 00

C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

Cos proxectos modificados que se someten a consideración do Pleno conséguese que na nave se vote unha capa de formigón de 15 centímetros e se engaden 900 m² mais de aglomerado en quente sin incremento de custo algún para o Concello

Toma a palabra o **Sr. Cripeiro García** que manifesta o que segue:

Pregunta cal ou cales son os errores detectados nos proxecto que foi redactado polo enxeñeiro Julio Rojo, aprobado polo pleno e que xa esta adxudicado, o Sr. Julio Rojo na memoria presentada non fai mención de ningún erro

Manifesta que o dia 27 de febreiro de 2014 el, Xulio Cripeiro García, tomou posesión do cargo de Alcalde do Concello de Moeche e en menos de 9 meses e gracias as súas exitosas xestións políticas conseguiu da Deputación provincial unha subvención nominativa de 250.000 €.- Interrompe a **Sra. Bascoy Maceiras** para indicar que non eran 250.000 € senón 240.000 e que non se van a cobrar mais que porque houbo baixa e coa diferencia quedase a Deputación, son cartos que non van a vir para Moeche

Continua o **Sr. Cripeiro** indicando que o Concello non tiñan que poñer nin un so euro cando nese tipo de subvenciones sempre ten que haber achega municipal. Intervén a **Sra Bascoy** preguntando se o que quere decir é que era unha subvención ilegal.

O grupo de goberno presenta o pleno unha proposta de modificación dun proxecto que foi aprobado por unanimidade, incluídos os concelleiros do BNG. Xa que lles gusta volver o pasado no ano 1995 o Partido Popular gana, por maioría absoluta, a alcaldía de Moeche que ata entón estaba gobernada polo PSOE con Fernando Campos de Alcalde e contaba co apoio de D. Andrés G. Pérez Soto, naquel momento o goberno saínte deixou aprobado e adxudicado o proxecto de saneamento de San Ramón, era un proxecto que non lle gustaba o partido Popular pola colocación da depuradora o lado da carreteira, o representante da empresa adxudicataria "Jose No Mantíñan e Hijos construcciones S.A." Veu a falar comigo para dicirme que no proxecto non iba recollido un tramo de sumidoiro, concretamente o que servía a casa de D. Andrés Pérez Soto, e a preguntar que se faza con iso, pois ben ese tramo fixouse, e aínda que era un rival político atendérónse as súas peticións, por respecto e consideración a corporación anterior non se alterou nin modificou o proxecto, non como se fixo en corporacións anteriores e na actual.

As súas formas autoritarias están presentes nas súas actitudes políticas, vostede non fala con ningún dos concelleiros do Partido popular, convoca un pleno cunha proposta pechada e definitiva. Todos os proxectos de obras poden ser mellorados e modificalos, pero non se pode facer do modo e coas formas que vostede pretende. Non nos gustan as súas formas, non pretenda dicirle os veciños de Moeche que o PP cometeu errores no proxecto porque non o



vamos a permitir. ¿Porque se acorda solicitar a conformidade da empresa adxudicataria? E porque non se mandan parar as obras?

Segun dixo vostede reuniese coa empresa adxudicataria, iso fainos desconfiar do seu proceder, este tipo de prácticas ocultistas das actividades dunha empresa e un Concello que parecen prevaricación ¿que ganan vostedes con iso? É unha práctica habitual do BNG

Cando tomaron o poder o goberno de Pérez Touriño e Quintela, o Sr. Suarez Canal, conselleiro do BNG retirou un convenio xa firmado entre o Conselleiro Santiso Miramontes e o Alcalde de Moeche polo que se aportaban 600.000 € para o mercado

Quero saber se estaba vostede no recinto feiral hoxe as 11,30 horas ¿acaso non debería estar no Concello de Ferrol?, intervén a **Sra Bascoy** dicindo que non se preocupe polo concello de Ferrol que esta todo prefectamente claro, e se o Sr. Cripeiro non ten que estar no centro de Saúde as 14,00 horas o que responde o aludido sinalando que ten que estar dentro do termo municipal

Continua o **Sr. Cripeiro** dicindo que para a contratación da obra solicitouse informe a 5 empresas, cando a lei esixe 3, e conseguiuse unha baixa de 24.000 €

Toma a palabra a **Sra. Bascoy Maceiras** que manifesta o que segue:

Non vou a contestar a todo o que dixo porque foron moitas cousas pero si o mais importante

Se presentamos esta modificación, porque é a miña obriga e a dos meus compañeiros mirar polo Concello, polos seus recursos que son os dos veciños, a parte de obra xa rematada suponía que se deixaran sen fazer unhas partidas aprobadas por importe de 14186,08, sumado outras partidas que figuraban e imposibles de executar, temos uns 18000 euros, ¿a onde ian Sr. Cripeiro se non se executaron?

En definitiva , esta modificación supón que se fagan uns 900 metros cadrados na feira e un grosor de 15 cm na nave polos mesmos cartos.

Solicitar a conformidade a empresa adxudicataria é un requisito esixido por lei, e vostede que foi Alcalde tanto tempo debería de sabelo.

Quero que me diga quen gobernaba cando se botou o aglomerado (o Sr. Cripeiro non contesta) estaba previsto unha escavación de 80 cm. que non se fixo, o Sr. Cripeiro deixou feita parte da obra e xusto foi o aglomerado que tapaba as obras que non se fixeron, non quero pensar para onde podían ir eses cartos.





Tel.: 981 40 40 06
Fax: 981 40 42 00

C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

En canto a reunión co adxudicatario, claro que tiven reunións con eles para resolver estes problemas en presencia da Secretaria, da aparelladora municipal e da dirección de obra, que é como se teñen que facer as reunións e non nos bares

Nós non nos chamamos aos méritos que non son nosos, pero se vostede tanto conseguiu, se tanto o atendían explíqueme por que non conseguiu cartos para a mellora da iluminación pública, sabe vostede que os automáticos dos contadores da luz pública están desde hai moitos anos todos "puenteados" co perigo que supón para a poboación? ou esqueceuno?

Porque non conseguiu se tanto podía, cartos para aforrar nas múltiples avarías da traída de auga, unha sangría para este Concello. Porque non se adaptou o depósito da auga aos requerimentos da Xunta?

Por certo quen era alcalde cando se puxo a traída da auga municipal? Era vostede, pois explique porque no proxecto aprobado se recolle a instalación de bocas de rega e catro redutoras de presión , carísimas, e só hai unha , onde van? quen se quedou con elas? porque non se puxeron?

Porque non conseguiu recursos , se tanto era, para adecuar as foxas sépticas municipais, sen tapa , sen recinto de seguridade, pois os "incompetentes" deste goberno do BNG xa o fixeron, en tres meses.

Porque, explíqueme non conseguiu cartos para poñer as marquesiñas? , os nenos de Moeche non teñen marquesiña en varias paradas do bus escolar desde hai anos, a vostede non lle importa? Cando eu lle reclamei en varias ocasións que quitará e substituiraa as marquesiñas do Empalme e de Balocos, respondeu que a conselleira estaba de baixa maternal, que esperaba a que dera a luz para recibilo, pois esta alcaldesa reuniuse coa Dirección Xeral correspondente e en 15 días, os "incompetentes " deste goberno do BNG teñen as marquesiñas retiradas, sen custo, e en breve poñeremos as novas.

Porque no amañou as goteiras do castelo? Levaban meses, a madeira está danada, pois os "incompetentes" deste goberno do BNG xa o amañaron en tres meses ,

Porque as pontes nas pistas están se varandas protectores ou téñen rotas desde ahí meses?

Porque non amañou o tellado da nave que leva o 23 de Abril, que chovía sobre a bomba? Ben que dixo non vai pasar outro ano sen amañar, en referencia a López, que tampouco llo amañou, pero con vostede pasaron 18 meses e nada. Pois os "incompetentes" deste goberno do BNG xa o amañaron no mes de agosto.

Proque abandonou o colelio se tantos cartos podía conseguir? Canastras sen soldar, porta do pozo da auga rota, malas, etc.



Xa está listo en tres meses, Sr. Cribreiro.

En fin, teño moito máis, pero imos deixar algo para o próximo Pleno, xa lle irei contando.

Sometida a votación a proposta presentada, resultou aprobada por CINCO (5) votos a favor e DOUS (2) en contra dos Sr/a Cribreiro García e Luaces Antón

2.- APROBACION SE PROCEDE DA MODIFICACION DO PROXECTO DE OBRAS DE ACONDICIONAMENTO ENTRONO ZONA DE NAVES EN CAMPO DA FEIRA DE SAN RAMON E OUTRO

Sometese a consideración da Corporación a seguinte proposta:

Detectados erros no proxecto redactado polo enxeñeiro D. Julio C. Rojo Martinez para a execución da obra denominada "Acondicionamento entorno zona de naves do campo da feira de San Ramón e outro" aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 10 de novembro de 2014 incluído no POS 2015 e adxudicada a empresa **Construcciones Francisco Gómez y Cia. S.L.** polo prezo de 75.000,00 euros, mais o 21 % de IVA, (15.750,00 €), facendo un total 90.750,00 euros.

Visto o "Proxecto reformado da obra de Mellora capa de rodaxe mercado de Moeche e outros"redactado polo enxeñeiro D. Julio C. Rojo Martinez, que non implica alteración algúnya do orzamento previsto inicialmente, Propónese o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Aprobar o "Proxecto reformado da obra de Acondicionamento entorno zona de naves do campo da feira de San Ramón e outro" redactado polo enxeñeiro D. Julio C. Rojo Martinez, que non implica alteración algúnya do orzamento previsto inicialmente

Segundo.- Comunicar o presente acordo a empresa adxudicataria para que manifieste a sua conformidade o desconformidade coa modificación proposta

TERCEIRO, Solicitar da Deputación Provincial a autorización do cambio do proxecto de "Acondicionamento entorno zona de naves do campo da feira de San Ramón e outro" polo denominado "Proxecto reformado da obra de Acondicionamento entorno zona de naves do campo da feira de San Ramón e outro"

Aberto o debate o **Sr. Cribreiro Garcia** remítense o xa indicado no punto anterior, mentres que a **Sra. Bascoy Maceiras** sinala que quere aclarar que non se ordenou que se deixara o proxecto porque a empresa adxudicataria xa había empezado a executar as obras





Tel.: 981 40 40 06
Fax: 981 40 42 00

C O N C E L L O
DE
M O E C H E
(A CORUÑA)

Núm.

Sometida a votación a proposta presentada resultou aprobada por CINCO (5) votos a favor e DOUS (2) en contra dos Sr/a Cribreiro Garcia e Luaces Antón

3.- ADHESIÓN DO CONCELLO O CONVENIO MARCO DE COLABORACION ENTRE A CMATI E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTION DE RESIDUOS DE APARELLOS ELECTRONICOS

Sometese a consideración da Corporación a seguinte proposta:

Visto o "Convenio Marco de colaboración entre a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión SIX) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE)" , e considerándoo de indubidable interese para este Concello, pola presente proponse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Manifestar a adhesión deste Concello de Moeche o Convenio Marco de colaboración entre a Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión SIX) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE).

SEGUNDO.- De ser posible establecerase un convenio de colaboración cos Concellos Limítrofes para a xestión conxunta dos RAEE.

O Sr. Cribreiro García anuncia o voto positivo do seu grupo a proposta presentada indicando que parece ser que a Xunta fai algo ben

Resposta a Sra. Bascoy Maceiras dicindo que si, que a Xunta fai algunha cousa ben, afortunadamente o PP de Moeche non e o paradigma de todo o PP

Sometida a votación a proposta antedita resultou aprobada por unanimidade dos asistentes

E, non habendo mais asuntos que tratar polo Presidente levantase a sesión sendo as 20 horas e 30 minutos do dia indicado no encabezamento. Do que eu, Secretaria CERTIFICO

Vº e Pz
A ALCALDESA

Asdo. Beatriz Bascoy Maceiras



A SECRETARIA



